

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15000107	CEIP A Maía	Ames	2023/2024

Borrador

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	4
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	5
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	6
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	7
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	8
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	8
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	10
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	10
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	12
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	15
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	15
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	16
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	16
o) Outros apartados	17

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

Tras a análise do contexto en que o colexio desenvolve a súa actividade e definindo os principios de identidade e obxectivos institucionais, que se recollen no proxecto educativo, resulta necesario adaptar os obxectivos á nosa realidade educativa.

De acordo co DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia., e co DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia; desde ambas etapas contribuírse a desenvolver nos nenos e nenas as capacidades que lles permitan acadar todos os obxectivos das etapas ao remate da escolaridade; con todo, existen algúns obxectivos nos que o noso centro, polas súas características, ten un traballo previo realizado e que teñen unha especial sensibilización da comunidade escolar cara eles.

As características ás que nos referimos son, fundamentalmente:

- + Somos un centro ordinario, aconfesional, no que intentamos por en valor a solidariedade, a integración, a aceptación da diferenza.
- + Somos un centro que traballa impulsando a normalización efectiva da lingua galega, e que dá importancia ao fomento da lectura ao través de múltiples actividades con eixo na biblioteca do centro.
- + Somos un centro que dá especial importancia ao coidado da natureza e o seu coñecemento, ao consumo responsable, á cultura da solidariedade, igualdade e paz.
- + Somos un centro no que a saúde, a alimentación e a hixiene tamén forman parte dos eixos que se traballan.

Velaí que o traballo dos obxectivos da educación infantil e primaria vaian encamiñados ao logro, por parte do alumnado, das capacidades que permitan:

Na educación infantil

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
- e) Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.
- h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes
- i) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Na educación primaria

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais con que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.
- e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir, polo menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

- a) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- b) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.
- c) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, utilizando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.
- d) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- e) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- f) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.
- g) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- h) Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- ñ) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

De acordo co expresado na recomendación do Consello da Unión Europea, non existe xerarquía entre as distintas competencias, xa que se consideran todas igualmente importantes. Tampouco se establecen entre elas límites diferenciados, senón que se solapan e entrelazan. Teñen, polo tanto, carácter transversal, "é dicir, ningunha se corresponde directa e univocamente cunha única área" e todas se adquiren e desenvolven a partir das aprendizaxes que se producen nas distintas áreas

Un dos elementos craves no ensino por competencias é espertar e manter a motivación cara á aprendizaxe no alumnado, o que implica unha nova formulación do papel do alumnado, activo e autónomo, consciente de ser os responsables da súa aprendizaxe.

Empregaremos unha metodoloxía que favoreza a motivación por aprender nos alumnos e alumnas e, a tal fin, debemos ser quen de xerar neles a curiosidade e a necesidade por adquirir os coñecementos, as destrezas e as actitudes e valores presentes nas competencias. Así mesmo, co propósito de manter a motivación por aprender é necesario valernos de todo tipo de axudas para que os estudantes comprendan o que aprenden, saiban para que o aprenden e sexan capaces de usar o aprendido en distintos contextos dentro e fóra da aula.

Para potenciar a motivación pola aprendizaxe de competencias requírense, ademais, metodoloxías activas e contextualizadas. Aquelas que faciliten a participación e implicación do alumnado e a adquisición e uso de coñecementos en situacións reais, serán as que xeren aprendizaxes máis transferibles e duradeiros.

As metodoloxías activas han de apoiarse en estruturas de aprendizaxe cooperativa, de forma que, a través da resolución conxunta das tarefas, os membros do grupo coñezan as estratexias utilizadas polos seus compañeiros e poidan aplicalas a situacións similares.

Para un proceso de ensino-aprendizaxe competencial as estratexias interactivas son as máis adecuadas, ao permitir compartir e construír o coñecemento e dinamizar a sesión de clase mediante o intercambio verbal e colectivo de ideas. As metodoloxías que contextualizan a aprendizaxe e permiten a aprendizaxe por proxectos, os centros de interese, o estudo de casos ou a aprendizaxe baseada en problemas favorecen a participación activa, a experimentación e unha aprendizaxe funcional que vai facilitar o desenvolvemento das competencias, así como a motivación dos alumnos e alumnas ao contribuír decisivamente á transferibilidade das aprendizaxes.

Así mesmo, resulta recomendable o uso do portfolio, que achega información extensa sobre a aprendizaxe do alumnado, reforza a avaliación continua e permite compartir resultados de aprendizaxe. O portfolio é unha ferramenta motivadora para o alumnado que potencia a súa autonomía e desenvolve o seu pensamento crítico e reflexivo.

A selección e uso de materiais e recursos didácticos constitúe un aspecto esencial da metodoloxía. O profesorado debe implicarse na elaboración e deseño de diferentes tipos de materiais, adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos e alumnas, co obxecto de atender á diversidade na aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes. Débese potenciar o uso dunha variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das Tecnoloxías da Información e a Comunicación no proceso de enseñanza aprendizaxe que permiten o acceso a recursos virtuais.

Finalmente, é necesaria unha adecuada coordinación entre os docentes sobre as estratexias metodolóxicas e didácticas que se utilicen. Os equipos educativos deben exporse unha reflexión común e compartida sobre a eficacia das diferentes propostas metodolóxicas con criterios comúns e consensuados. Esta coordinación e a existencia de estratexias conexas permiten abordar con rigor o tratamento integrado das competencias e progresar cara a unha construción colaborativa do coñecemento.

Espérase que a adquisición destas competencias ao longo da súa escolarización lle permita ao alumnado prepararse para afrontar con éxito os principais retos do século XXI: planificar hábitos de vida saudables, protexer o medio ambiente, resolver conflitos de forma pacífica, actuar como consumidores e consumidoras responsables, usar de maneira ética e eficaz as tecnoloxías, promover a igualdade de xénero, manexar a ansiedade que xera a incerteza, identificar situacións de iniquidade e desenvolver sentimentos de empatía, cooperar e convivir en sociedades abertas e cambiantes, aceptar a discapacidade, apreciar o valor da diversidade, formar parte dun proxecto colectivo e adquirir confianza no coñecemento como motor do desenvolvemento. A resposta a estes e a outros desafíos, entre os que existe unha absoluta interdependencia, necesita dos coñecementos, destrezas e actitudes subxacentes ás competencias clave e son abordados de maneira global desde todas as áreas que conforman esta etapa.

O traballo por proxectos, especialmente relevante para a aprendizaxe por competencias, baséase na proposta dun plan de acción co que se busca conseguir un determinado resultado práctico. Esta metodoloxía pretende axudar ao alumnado para organizar o seu pensamento favorecendo neles a reflexión, a crítica, a elaboración de hipótese e a tarefa investigadora a través dun proceso no que cada un asume a responsabilidade da súa aprendizaxe, aplicando os seus coñecementos e habilidades a proxectos reais. Favorécese, por tanto, unha aprendizaxe orientada á acción no que se integran varias áreas ou materias: os estudantes poñen en xogo un conxunto amplo de coñecementos, habilidades ou destrezas e actitudes persoais, é dicir, os elementos que integran as distintas competencias.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgúns das materias de cada curso, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias.

A consellería competente en materia educativa fomentará a calidade, equidade e inclusión educativa das persoas con discapacidade, a igualdade de oportunidades e non discriminación por razón de discapacidade, medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas, adaptacións curriculares, accesibilidade universal, deseño para todas as persoas, atención á diversidade e todas aquelas medidas que sexan necesarias para conseguir que o alumnado con discapacidade poida acceder a unha educación de calidade en igualdade de oportunidades.

Promoverase o desenvolvemento dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia. A programación docente debe comprender, en todo caso, a prevención da violencia de xénero, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico. Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual. Os currículos de educación primaria incorporan elementos curriculares relacionados co desenvolvemento sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, as situacións de risco derivadas da utilización das tecnoloxías da información e da comunicación, así como a protección ante urxencias e catástrofes.

Os currículos de educación primaria incorporan elementos curriculares orientados ao desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor. A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun

mesmo e o sentido crítico.

No ámbito da educación e da seguridade viaria incorpóranse elementos curriculares e promóvense accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, co fin de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario/a das vías, en calidade de peón ou peatona, persoa viaxeira e persoa condutora de bicicletas,

respecte as normas e os sinais, e de que se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

A metodoloxía didáctica a empregar nas nosas aulas será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

Para a construción e a consolidación das aprendizaxes partírase, en todo momento, dos coñecementos previos do alumnado, do contexto máis próximo e do seu nivel evolutivo, cognitivo e emocional. Este proceso implica a secuenciación dos contidos partindo do que eles xa coñecen para así avanzar e ir de aprendizaxes máis simples cara outros máis complexos.

Os métodos utilizados deben enfocarse á posibilitar a realización de tarefas que o alumnado deba resolver facendo uso axeitado dos distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores. O traballo por proxectos resulta especialmente relevante para a aprendizaxe por competencias pois permite aplicar a contextos da vida real ou verosímiles as aprendizaxes realizadas, e motiva para aprender máis ao xerar nos nenos e nenas a curiosidade e a necesidade de adquirir novos coñecementos, destrezas, actitudes e valores na resolución do proxecto.

O alumnado debe ser o protagonista das súas aprendizaxes, a construción das aprendizaxes é persoal e, polo tanto, moi diversa polo que se presentarán propostas de traballo individual e de equipo que posibilitan a resolución conxunta das tarefas e favorezan a inclusión do alumnado.

Os métodos utilizados deben partir da perspectiva do persoal docente como persoal orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial no alumnado; ademais, deben enfocarse á realización de tarefas ou situacións-problema nas que o alumnado debe resolver facendo uso axeitado dos distintos tipos de coñecementos matemáticos, destrezas, actitudes e valores. Así mesmo, mediante prácticas de traballo individual e cooperativo, terase en conta a atención á diversidade e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe.

As estruturas de aprendizaxe cooperativa posibilitarán a resolución conxunta das tarefas e dos problemas, e potenciarán a inclusión do alumnado.

Resulta fundamental a motivación por aprender nos alumnos e nas alumnas, polo que o persoal docente deberá xerar neles e nelas a curiosidade e a necesidade de adquirir e aplicar coñecementos, destrezas, actitudes e valores.

O traballo por proxectos, especialmente relevante para a aprendizaxe por competencias, susténtase na proposta dun plan de acción co que se busca conseguir un determinado resultado práctico. Esta metodoloxía pretende axudarlle ao alumnado a organizar o seu pensamento favorecendo nel a reflexión, a crítica, a elaboración de hipóteses e a tarefa investigadora a través dun proceso no que cada un asume a responsabilidade da súa aprendizaxe, aplicando os seus coñecementos e habilidades a proxectos reais.

A integración das TIC debe ir acompañada dun cambio metodolóxico, para iso, o uso das TIC nas actividades de ensino- aprendizaxe debe darse sempre no marco de proxectos de comunicación, inscritos en situacións reais, que teñan sentido para o alumnado e cuxa finalidade sexa a produción e a comprensión de textos reais tanto de carácter oral como escrito.

A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión lectora de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato, por iso mantemos no horario do alumnado un tempo diario de lectura coa finalidade de fomentar o hábito da lectura.

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

A nosa intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todo el e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén.

Prestaremos especial atención á atención personalizada dos alumnos e das alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo para lograr o éxito escolar. Os mecanismos de reforzo, que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deseñaremos actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Impartiremos de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos, aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe similares nas distintas áreas lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

Para facilitar a aprendizaxe dunha lingua e cultura estranxeira fomentárase un uso contextualizado da lingua, no marco de situacións comunicativas propias de ámbitos diversos propios destas idades, e que permitan a utilización real e motivadora da lingua. O xogo, sobre todo nos primeiros anos, e a realización de tarefas conxuntas, ademais de permitir asentar adecuadamente as bases para a adquisición dunha lingua estranxeira, contribúen a que a área desenvolva o papel educativo que lle corresponde como instrumento de socialización. A medida que o alumnado avanza en idade, evolucionarase desde un procesamento da lingua de carácter esencialmente semántico a un procesamento sintáctico máis avanzado. Polo tanto, o ensino das linguas estranxeiras na educación primaria enmarcarase en enfoques comunicativos e cun tratamento globalizado das actividades ou destrezas lingüísticas, facendo fincapé durante toda a etapa na comunicación oral e na consciencia intercultural.

Por outra parte, debe existir coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o das linguas cooficiais, para evitar a repetición de contidos propios dos aprendizaxes de calquera lingua, como son as estratexias de lectura, ou proceso de escritura, a tipoloxía textual ou a definición de termos lingüísticos, e para unificar a terminoloxía. Non se pode esquecer que o achegamento do alumnado á lingua estranxeira se produce, na maior parte dos casos, partindo das linguas próximas, a materna e a(s) ambiental(is). Polo tanto, é esencial o tratamento integrado de todas as linguas e a colaboración entre todo profesorado que as imparte.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

A nosa condición de docentes esixenos o coñecemento e o uso dos materiais didácticos ao noso alcance, mellorando o noso labor docente e polo tanto a calidade dos procesos de ensino-aprendizaxe. Os materiais e recursos necesarios para o desenvolvemento curricular de cada unha das materias serán múltiples, incorporando aos de carácter tradicional outros innovadores que integren diferentes soportes instrumentais, con obxecto de fomentar no alumnado a procura crítica de fontes de diversa natureza e procedencia e desenvolva a capacidade de aprender en por si.

Tan importante como a selección dos materiais didácticos é o seu uso e organización. A participación dos alumnos e alumnas na organización dos mesmos na aula pode servir para iniciar e aplicar a aprendizaxe dalgúns procedementos e actitudes básicos.

No exercicio da súa autonomía pedagóxica, corresponde á Comisión de Coordinación Pedagóxica establecer os criterios pedagóxicos para determinar os libros de texto e demais materiais e recursos de desenvolvemento curricular que haxan de utilizarse no desenvolvemento dos diversos ensinamentos.

As decisións sobre a selección de materiais e recursos de desenvolvemento curricular, corresponden ao profesorado, de acordo cos criterios establecidos, e a supervisión dos órganos de coordinación docente do centro. En todo caso deberán aterse ao currículo establecido para cada unha das materias e deberán adaptarse ao rigor científico adecuado ás idades do alumnado, deberán reflectir e fomentar o respecto aos principios, valores, liberdades, dereitos e deberes constitucionais, así como aos principios e valores recollidos na LOE, na LOMLOE e na Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, aos que ha de axustarse toda a actividade educativa.

Para levar a cabo dita selección, ademais da súa calidade obxectiva, teranse en conta todos os elementos curriculares que inciden nela. O profesorado, ademais do anterior, elaborará os seus propios recursos para o desenvolvemento curricular.

Os criterios de selección dos materiais curriculares son os seguintes:

- Adecuación ao contexto educativo do centro.
- Que sexan apropiados aos alumnos/ as que van dirixidos.
- Correspondencia dos obxectivos promovidos cos enunciados no PE.
- Coherencia dos contidos propostos cos obxectivos, presenza dos diferentes tipos de contido e inclusión dos temas transversais.
- A adecuación aos criterios de avaliación do centro.
- Que non sexan discriminatorios.

- Que favorezan o desenvolvemento de capacidades e competencias.
- A claridade e amenidade gráfica e expositiva.
- A existencia doutros recursos que facilitan a actividade educativa.
- Que non degraden o medio ambiente.
- Que non sexan tóxicos.
- De baixo custo, para crear hábitos de aforro.
- Duradeiros e resistentes.
- Atractivos e motivadores.

Atendendo a todos eles, establecemos unha serie de pautas concretas:

- Encádrase con coherencia no Proxecto curricular.
- Cobre os obxectivos do currículo para o nivel.
- O número de unidades organiza adecuadamente o curso.
- Os obxectivos están claramente explicitados.
- Os contidos seleccionáronse en función dos obxectivos.
- A selección de contidos está adecuada ao nivel de desenvolvemento e maduración dos alumnos e alumnas.
- Contempla contidos procedementais e actitudinais.
- A progresión é adecuada.
- Integra dunha forma plena a presenza dos temas transversais.
- Parte dos coñecementos previos dos alumnos e alumnas.
- Asegura a realización de aprendizaxes significativas.
- Esperta a motivación cara ao estudo e a aprendizaxe.
- Potencia o uso das técnicas de traballo intelectual.
- Presenta actividades de reforzo e de ampliación.
- A cantidade de actividades é suficiente.
- Permiten a atención á diversidade.
- As actividades están ben diferenciadas dos contidos.
- As informacións son exactas, actuais e cientificamente rigorosas.
- A información e as explicacións dos conceptos exprésanse con claridade.
- A linguaxe está adaptado ao nivel.
- A disposición dos elementos nas páxinas aparece clara e ben diferenciada.
- O aspecto xeral do libro resulta agradable e atractivo para o alumno.
- Presenta materiais complementarios que facilitan o desenvolvemento do proceso docente.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

Non procede

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

Considéranse actividades complementarias as organizadas polo centro durante o horario escolar, de acordo co seu Proxecto educativo, e que teñen un carácter diferenciado das propiamente lectivas polo momento, espazos ou recursos que utilizan.

O ensino desde o enfoque competencial esixe traballar os contidos en situacións reais ou situacións auténticas, é dicir naqueles contextos nos que se xeran os problemas ou cuestións que expón a vida real. Unha forma de integrar na escola este tipo de situacións é a través das actividades complementarias posto que nos ofrecen os escenarios reais nos que aprender e poñer en práctica os esquemas de actuación aprendidos para resolver con eficacia situacións complexas.

Características das actividades

Os ámbitos de contidos das actividades complementarias poderán ser os seguintes:

- + Comunicación, lectura e idiomas.
- + Desenvolvemento artístico.
- + Cultura física e deportiva.

- + Desenvolvemento das habilidades persoais e de convivencia.
- + Coñecemento e respecto do patrimonio natural e cultural.

As actividades complementarias encadrananse dentro da seguinte tipoloxía:

- + Saídas e excursións.
- + Obradoiros.
- + Actividades físico deportivas.
- + Actividades culturais. Xornadas Culturais.
- + Conmemoracións e celebracións: Día das Letras Galegas, da paz, do medio ambiente, do libro, Nadal, Entroido, etc.
- + Actividades de peche ou fin de curso.

Criterios de selección

1. Diseñar un itinerario de saídas por niveis e etapas educativas, para evitar duplicidades e para axustarnos o máximo posible ás idades, características, intereses do alumnado destinatario; así como da finalidade educativa da proposta.
2. Dar relevancia ás saídas á contorna. As saídas á contorna permiten ao alumnado investigar e descubrir a realidade tal e como é, á vez que proporcionan os escenarios nos que exercitar os esquemas de actuación xa aprendidos.
3. Coherencia da saída ou actividade co desenvolvemento curricular. A coherencia entre o deseño das actividades complementarias e extraescolares e a programación didáctica é fundamental para poder garantir a funcionalidade e a efectividade nas aprendizaxes que realicen os alumnos. as saídas teñen que cingirse a aquelas que complementen o curricular polo que se descartan as saídas a parques acuáticos, parques de bolas/xogos varios, etc. Optamos por fomentar a realización de actividades no noso entorno máis próximo.

Habemos de contemplar que cumpran unha serie de requisitos como:

- A motivación.
 - A adecuación cos obxectivos e contidos programados para a secuencia didáctica traballada.
- § grao de conexión co obxecto de estudo.
- Exporse como unha situación problema.
 - Favorecer a integración de contidos.
 - Potenciar o traballo cooperativo
4. Recuperar coas actividades do centro algunhas tradicións da zona. Coñecer a nosa contorna máis próxima, a cultura e as tradicións é un obxectivo que alcanzamos na medida que interpretamos, analizamos e representamos nosas propios costumes e a nosa historia. Cremos necesario o estudo do noso pasado para entender o noso presente e construír o futuro.
 5. Programar actividades que propicien a cooperación entre ciclos/niveis. O intercambio de experiencias, de información, e o traballo conxunto a través de medidas organizativas que favorezan as relacións, permiten o desenvolvemento de actividades que fomentan a aprendizaxe cooperativa e o desenvolvemento de dinámicas grupais variadas.
 6. Estar abertos á programación de propostas externas que poñan a énfase nos desenvolvementos curriculares. Cada curso escolar aumenta as propostas de actividades organizadas por organismos e institucións públicas ou privadas. A oferta é excesiva polo que o equipo docente deberá ter en conta a relación das actividades propostas coas programacións didácticas e a funcionalidade en relación coas aprendizaxes que estean a desenvolver o alumnado así como o grao de contribución ao desenvolvemento das CCBB.
 7. Intentar que non supoñan unha discriminación por motivos económicos para ningún/ha alumno/a. Na medida do posible, as saídas e actividades financiaranse con fondos do centro, ou proporase a financiación compartida - escola/familia- cando o custo sexa elevado.

Planificación

Tendo en conta que estas actividades realízanse dentro do horario escolar, o Centro deberá arbitrar as medidas necesarias para atender educativamente ao alumnado que non participe nelas.

No caso de actividades complementarias que esixan a saída do Centro dalgún alumno ou alumna menor de idade, requirirase a correspondente autorización escrita dos seus pais ou titores.

Estas actividades serán promovidas, organizadas e realizadas de acordo cos Equipos de Ciclo/Nivel e baixo a coordinación da Xefatura de Estudos. E que previamente deberán ser planificadas no nivel correspondente, para logo trasladalas ao Ciclo correspondente e, unha vez consensuadas entre todos os integrantes do ciclo, trasladalas á dirección do centro para a súa definitiva aprobación.

A proposta de programación de actividades complementarias que se eleven para a súa inclusión na PXA e para aprobación do Consello Escolar comprenderá:

- a) Denominación específica da actividade.

b) Horario e lugar no que se desenvolverá.

c) Persoal que dirixirá, levará a cabo e participará en cada actividade. Neste sentido, as actividades poden ser desenvoltas:

+ Polo persoal adscrito ao Centro.

+ Mediante a subscrición dun contrato administrativo de servizos cunha entidade legalmente constituída, a cal ha de asumir, neste caso, a plena responsabilidade contractual do persoal que desenvolverá a actividade.

+ A través dos Concellos.

e) Custo e fórmulas de financiamento das actividades, con expresión, no seu caso, das cotas que se propoña percibir dos alumnos e alumnas que participen nelas.

Avaliación

A sistematización da avaliación das actividades complementarias establécese a partir dos seguintes indicadores:

1. Planificación da actividade:

+ Grao de adecuación da actividade aos obxectivos propostos.

+ Grao de adquisición das competencias básicas.

+ Grao de adecuación da actividade aos intereses dos alumnos e alumnas.

+ Grao de adecuación da duración da actividade.

+ Grao de adecuación do lugar de realización da actividade.

2. Desenvolvemento da actividade:

+ Grao de organización da actividade.

+ Grao de cumprimento dos horarios.

+ Grao de implicación do alumnado nas tarefas propostas.

+ Grao de adecuación do orzamento da actividade.

+ Valoración da actividade.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

Plan de reforzo ou recuperación para o alumnado que promocióne con materias suspensas

+ Nome e apelidos

+ Data de nacemento

+ Titor/a

+ Curso

+ Necesidade de reforzo ou recuperación nas áreas de:

+ Dificultades que presenta o alumno/a:

+ Aspectos que precisan ser reforzados:

+ Plan de traballo:

1º trimestre

2º trimestre

3º trimestre

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

Plan específico de reforzo para o alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso.

Documento elaborado seguindo as directrices da ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Cando unha alumna ou un alumno de educación primaria permaneza un ano máis no mesmo curso, debe seguir un plan específico de reforzo, que ten como finalidade atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición. Este plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

+ Identificación da alumna ou do alumno.

- Nome e apelidos
- Data de nacemento
- Titor/a
- Curso que repite: 2º - 4º - 6º

+ Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.

+ Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.

- Adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e a xestión da aula ás características do alumnado:

* A elaboración dos horarios do alumnado.

* A asignación de titorías.

* O agrupamento do alumnado.

* A distribución das aulas, das unidades e/ou dos espazos.

+ Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno.

+ Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.

- Deseño universal de aprendizaxe

- Traballo colaborativo

+ Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación

- Adaptación de tempos de avaliación.

- Adaptación de instrumentos e procedementos de avaliación.

- Adaptación na forma de comunicación.

- Verificación da comprensión das tarefas.

- O profesorado informou ao alumno/a sobre o seu desempeño nas tarefas de avaliación, para aproveitar o potencial de aprendizaxe que ten comparado o producido polo alumnado co agardado ou demandado polo profesorado.

+ Aulas de atención educativa e convivencia

+ Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria

+ Programas de enriquecemento curricular

+ Programas de habilidades e competencias sociais

Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.

Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.

+ Recursos humanos:

+ Recursos materiais:

De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.

Acreditación da información á familia. A familia do alumno/a foi informada. Revisión do plan

+ Revisión do primeiro trimestre

- Obxectivos acadados:

- Propostas de mellora:

- Axustes para o vindeiro trimestre.

+ Revisión do segundo trimestre

- Obxectivos acadados:

- Propostas de mellora:

- Axustes para o vindeiro trimestre.

+ Revisión do terceiro trimestre e final de curso

- Obxectivos acadados:

- Propostas de mellora:

- Axustes para o vindeiro trimestre.

+ Informe individual dos reforzos educativos

Segundo o punto 4 do artigo 48 da orde ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, Con carácter xeral, as medidas de reforzo educativo reflectiranse nos documentos oficiais de

avaliación do alumnado. Ao final de cada curso, o profesorado, coordinado pola persoa titora, elaborará un informe individual dos reforzos educativos levados a cabo, segundo o seguinte modelo, será arquivado polo Departamento de Orientación.

Informe individual dos reforzos educativos (RE)

Documento elaborado seguindo a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- Nome e apelidos
- Data de nacemento
- Titor/a
- Curso

+Por cada área ou materia en que a alumna ou o alumno recibiu RE

1. Área ou materia:
2. Datos do profesorado da área ou materia:
3. Datos do reforzo educativo:

DATA DE COMEZO DO RE: DATA DE REMATE DO RE:

- a) Cal foi o motivo?
- b) En que consistían as medidas desenvolvidas?
- c) Con que frecuencia se presentaban? (temporalización)
- d) Cando as realizaba o alumno/a?
- e) Quen lle axudaba? (profesorado con dispoñibilidade horaria)
- f) Como se avaliaban?

VALORACIÓN FINAL DAS MEDIDAS DE RE

- + Acadáronse os obxectivos previstos nelas.
- + Foron eficaces, pero a mellora non se extrapolaba ao traballo diario (ordinario).

PREVISIÓN PARA O CURSO SEGUINTE: (indicar se o alumno/a no vindeiro curso pode verse beneficiado/a ou non por estas medidas):

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

NA EDUCACIÓN INFANTIL E NA EDUCACIÓN PRIMARIA

Carácter da avaliación

1. A avaliación constituirá unha práctica habitual e permanente do profesorado dirixida a obter e rexistrar datos relevantes que faciliten a toma de decisións encamiñadas á mellora dos procesos de ensino e de aprendizaxe do alumnado, tanto no ámbito individual como no colectivo.
2. A avaliación na educación primaria será global, continua e formativa:
 - a) Global: a valoración da aprendizaxe debe referirse ao grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos.
 - b) Continua: o profesorado debe ser coñecedor do progreso e das dificultades de aprendizaxe que presenta cada alumna e alumno durante todo o proceso educativo.
 - c) Formativa: o profesorado debe empregar a información sobre a evolución da aprendizaxe do alumnado para reorientar, axustar e mellorar o proceso de aprendizaxe adaptándoo as características persoais de cada alumna e alumno.
3. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das áreas e da etapa na avaliación das áreas ou dos ámbitos serán os criterios de avaliación que figuran no anexo II do Decreto 150/2022, do 8 de setembro e no anexo II do Decreto 155/2022, do 15 de setembro. Os referentes no caso

do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

4. Promoverase o uso xeneralizado de técnicas e instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado. Especialmente na educación infantil a observación directa e sistemática constituirá a principal técnica do proceso de avaliación, sen prexuízo do posible emprego, xunto a esta técnica principal, doutras técnicas cun carácter accesorio como a análise das producións das alumnas e dos alumnos, e as entrevistas coas familias ou coas persoas titoras legais.

5. Se en calquera momento do curso, como consecuencia do proceso de avaliación continua, se detectase que o progreso dunha alumna ou dun alumno non é o axeitado, estableceranse as medidas máis adecuadas dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o seu proceso educativo. Estableceranse medidas de reforzo en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva

1. Co fin de garantir o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva e a que o seu rendemento sexa valorado e recoñecido con obxectividade, os centros docentes concretarán nas súas normas de organización, funcionamento e convivencia:

- a) Os procedementos para facer públicas a concreción curricular e as programacións didácticas.
- b) O procedemento mediante o cal as nais, os pais ou as persoas titoras legais poderán solicitar aclaracións, á persoa titora e ao profesorado, acerca das informacións e valoracións que reciban sobre o proceso de aprendizaxe das súas fillas, dos seus fillos ou das persoas que tutelen ou decisións que se adopten como resultado do devandito proceso.
- c) O procedemento de revisión das decisións adoptadas no proceso de aprendizaxe do alumnado na avaliación final.

2. As direccións dos centros responsabilizaranse de que a información a que se refire o número 1 sexa accesible e se lle dea publicidade para toda a comunidade educativa.

3. As nais, os pais ou as persoas titoras legais poderán solicitar no centro a revisión das decisións adoptadas no proceso de aprendizaxe da súa filla, do seu fillo ou da persoa que tutelen na avaliación final e, no caso de continuar o desacordo, poderán presentar unha solicitude de reclamación ante a xefatura territorial correspondente.

Avaliación das competencias clave na educación primaria

1. Todas as áreas do currículo deben contribuír en cada un dos cursos da etapa ao desenvolvemento por parte do alumnado do adecuado grao de adquisición das competencias clave.

2. A avaliación do grao de adquisición das competencias clave en cada un dos cursos da etapa debe estar integrada coa avaliación de cada unha das áreas, na medida en que, de conformidade co anexo II do Decreto 155/2022, do 15 de setembro, os criterios de avaliación de cada área están relacionados univocamente cos obxectivos da dita área, e estes están relacionados coas competencias clave a través dos correspondentes descritores operativos recollidos no perfil de saída.

3. A selección dos criterios de avaliación e dos contidos establecidos na programación didáctica da área para o deseño das actividades de ensino, aprendizaxe e avaliación e dos métodos pedagóxicos, debe asegurar, no nivel correspondente, o desenvolvemento das competencias clave, tendo en conta as relacións curriculares ás que se refire o número anterior.

Cualificacións na educación primaria

1. Os resultados da avaliación das áreas expresaranse nos termos de insuficiente (IN) para as cualificacións negativas e suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) ou sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles, con carácter informativo, unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias: Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4. Suficiente: 5. Ben: 6. Notable: 7 ou 8. Sobresaliente: 9 ou 10.

2. Os resultados da avaliación das competencias clave expresaranse nos mesmos termos cualitativos que se establecen no número 1 para os resultados de avaliación das áreas.

Promoción na educación primaria

1. Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente adoptará a decisión sobre a promoción de cada alumna ou alumno. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.

2. A decisión de permanencia no mesmo curso só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas titoras legais.

3. O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área ou ámbito con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase o curso anterior.

4. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfacemento curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis

adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente elaborará, baixo a coordinación do profesorado titor, un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias clave correspondentes.

Para a elaboración e o seguimento do dito plan específico de reforzo seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021.

Avaliación de diagnóstico

No cuarto curso de educación primaria, todos os centros docentes realizarán unha avaliación de diagnóstico das competencias clave adquiridas polo seu alumnado, segundo se dispoña. Esta avaliación terá carácter informativo, formativo e orientador para os centros docentes, para o profesorado, para o alumnado e as súas familias ou persoas titoras legais, e para o conxunto da comunidade educativa. Esta avaliación, de carácter censual, terá como marco de referencia o establecido de acordo co artigo 144.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente

1. A avaliación do proceso de ensino e da propia práctica docente ten como fin analizar e valorar a intervención educativa que ten lugar nas aulas para adaptala ás características e necesidades do alumnado.
2. Nas programacións didácticas estableceranse indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente que tratarán, como mínimo, sobre os seguintes aspectos:
 - a. A adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico.
 - b. A metodoloxía empregada.
 - c. A organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos.
 - d. As medidas de atención á diversidade.
 - e. O clima de traballo na aula.
 - f. A coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais.
3. Os indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente teranse en conta para realizar o seguimento das programacións didácticas.

Información da avaliación na educación infantil

1. A información recollida da avaliación continua trasladarase ás nais, aos pais ou ás súas persoas titoras legais nun informe que analizará os progresos realizados polas alumnas e polos alumnos, como mínimo, en cada avaliación parcial.
2. Este informe recollerá a valoración global de cada área, así como a valoración do nivel de desempeño dos criterios de avaliación de cada área seleccionados en cada avaliación parcial do curso. O informe axustarase no seu contido ao modelo recollido no anexo VII da ORDE do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
3. Os centros sostidos con fondos públicos que impartan o segundo ciclo de educación infantil cubrirán o informe de información ás familias a través da aplicación de xestión académica do ensino (XADE).

Información da avaliación na educación primaria

1. A persoa titora e o profesorado das distintas áreas ou ámbitos manterán, no relativo ao proceso de aprendizaxe, unha comunicación fluída co alumnado, as súas nais, os seus pais ou as súas persoas titoras legais.
2. A información recollida da avaliación continua trasladarase ás nais, aos pais ou ás persoas titoras legais nun informe que analizará os progresos realizados polas alumnas e polos alumnos e incluírá as cualificacións de cada área, como mínimo, en cada avaliación. Entre esa información constará, cando proceda, a decisión sobre a promoción ao curso ou á etapa seguinte.
3. O informe da avaliación final incluírá, ademais, o resultado de avaliación das competencias clave. Este informe poderá substituír o informe da última avaliación parcial.

Documentos e informes de avaliación na educación primaria

Na educación primaria:

1. Os documentos de avaliación axustaranse no seu contido aos seguintes modelos recollidos nos anexos da ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa:
 - a) As actas das avaliacións reguladas nos artigos 21 e 22 axustaranse no seu contido ao modelo recollido no anexo I.
 - b) O informe final de ciclo regulado no artigo 22 axustarase no seu contido ao modelo recollido no anexo II.
 - c) O informe final de etapa regulado no artigo 22 axustarase no seu contido ao modelo recollido no anexo III.
 - d) O expediente académico regulado no artigo 28 do Decreto 155/2022, do 15 de setembro, axustarase no seu contido ao modelo que se establece no anexo IV.
 - e) O historial académico regulado no artigo 29 do Decreto 155/2022, do 15 de setembro, axustarase no seu contido ao modelo que se establece no anexo V.
 - f) O informe persoal por traslado regulado no artigo 31 do Decreto 155/2022, do 15 de setembro, axustarase no seu contido ao modelo que se establece no anexo VI.

2. Os centros sostidos con fondos públicos que impartan a etapa de educación primaria cubrirán os documentos e informes de avaliación a través da aplicación de xestión académica do ensino (XADE).

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

Non se contempla na normativa vixente

l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

Educación infantil

Os centros docentes desenvolverán o currículo do segundo ciclo das ensinanzas de educación infantil mediante a elaboración das correspondentes programacións didácticas para cada unha das áreas seguindo as decisións e criterios xerais establecidas na concreción curricular, e tendo en conta o disposto nos correspondentes regulamentos orgánicos.

As programacións didácticas das áreas do segundo ciclo das ensinanzas de educación infantil incluírán, como mínimo, os seguintes elementos:

- a) Introducción.
 - b) Obxectivos da área e súa contribución ao desenvolvemento das competencias.
 - c) Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da área que se traballará, coa súa secuenciación e temporalización.
 - d) Metodoloxía.
 - +Concrecións metodolóxicas.
 - +Materiais e recursos didácticos.
 - e) Avaliación.
 - +Procedemento para a avaliación inicial.
 - +Criterios de valoración do desenvolvemento e das aprendizaxes do alumnado.
 - f) Medidas de atención á diversidade.
 - g) Transversal.
 - +Concreción dos elementos transversais.
 - +Actividades complementarias.
 - h) Práctica docente.
 - +Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.
 - + Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.
- O equipo docente realizará o seguimento das programacións didácticas de cada área, con indicación do seu grao de cumprimento e, en caso de desvíacións, cunha xustificación razoada.

Educación primaria:

Os centros docentes desenvolverán o currículo das ensinanzas de educación primaria mediante a elaboración das correspondentes programacións didácticas para cada unha das áreas ou ámbitos seguindo as decisións e os criterios xerais establecidos na concreción curricular, e tendo en conta o disposto nos correspondentes regulamentos orgánicos.

As programacións didácticas das áreas ou ámbitos das ensinanzas de educación primaria incluírán, como mínimo, os seguintes elementos:

- a) Introducción.
- b) Obxectivos da área e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave.
 - a) Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da área que se traballará, coa súa secuenciación e temporización.
 - b) Metodoloxía.
 - + Concrecións metodolóxicas.
 - + Materiais e recursos didácticos.
 - c) Avaliación.

- + Procedemento para a avaliación inicial.
 - + Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da área e criterios de recuperación.
 - d) Medidas de atención á diversidade.
 - e) Transversal.
 - + Concreción dos elementos transversais.
 - + Actividades complementarias.
 - f) Práctica docente.
 - + Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.
 - + Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.
- O equipo docente realizará o seguimento das programacións didácticas de cada área, con indicación do seu grao de cumprimento e, en caso de desviacións, cunha xustificación razoada.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

- + Que o se vai traballar/aprender lle interese ao alumnado e/ou profesorado porque se parte das súas necesidades.
- + Que a información obtida resolva un proceso, conflito ou problema do seu contorno.
- + Que dea resposta a problemas verdadeiros e a temas reais e cotiáns, que mobilicen o pensamento e que propoñan retos interesantes.
- + Que o tratamento, análise e interiorización do aprendido se realice dende distintos puntos de vista, aceptando o carácter poliédrico dos saberes, pero sen esquecer a súa visión de conxunto.
- + Que a transmisión e aprendizaxe dos coñecementos deixen de ser pechadas, segregadas.
- + Que o aprendido en contextos non formais poida ser incorporado.
- + Que o traballo da aula se converta nunha acción colectiva planificada e organizada conxuntamente polo grupo, inducendo a que todas as rapazas e todos os rapaces poidan implicarse activamente nas tarefas en función dos seus intereses e da diversidade; recoñecendo a importancia do grupo e a propia valía.
- + Que as nenas e os nenos descubran certas prácticas sociais relacionadas coa cooperación (saber escoitar, negociar compromisos, tomar decisións...), o respecto cara a outras opcións, ofrecer e solicitar axuda ou escribir plans.
- + Que se ofrezan ocasións para controlar o proceso, valorar os logros, medrar na aprendizaxe partindo do que se sabe, co cal as novas aprendizaxes se integran na estrutura cognitiva do alumnado porque se tenta conectar sempre cos coñecementos e ideas previas que xa posúe.
- + Que se manexe con éxito a información (seleccionando fontes, recollendo información, ordenándoa, catalogándoa, estruturándoa, interpretándoa, axuízándoa e comunicándoa)
- + Que se estimule a práctica reflexiva e crítica, e se realice, ao mesmo tempo, unha aprendizaxe por experiencia, que se aprenda facendo.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

- j) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular.

Para levar a cabo a avaliación da Proposta curricular e das Programacións didácticas, súxírese o seguinte esquema de análise para identificar en que punto da Proposta curricular teñen que incidir as decisións que se tomaron. Un esquema de traballo para iso podería ser o seguinte:

Análise da proposta en canto á:

- o Idoneidade respecto ás características do alumnado.
- o Adecuación ao logro dos obxectivos da etapa.
- o Grao de desenvolvemento das competencias clave, integradas nos elementos curriculares.

- o Adecuación dos principios metodolóxicos en que se basea a acción docente.
- o Acomodación dos procedementos e instrumentos de avaliación adoptados a nivel de etapa.
- o Pertinencia das medidas curriculares e organizativas do Plan de atención á diversidade.
- o Ao acomodamento dos materiais e recursos didácticos utilizados na etapa
- o Adaptación das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas
- o Cambios a adoptar como resultado da anterior análise.
- o Revisión da análise da proposta

o) Outros apartados

1. ---

Non procede

Borrador